

PORTAL



FÍCAME Ramón Cabanillas pra que abra seu novo libro. Aceito por seren honra máisima, achegada á do posto en que me ten a generosía dos «Bibliófilos Gallegos».

Fai-me forza tamén, a ledicia de empregar a fala galega, agarimo que, de cote, me enfeitiza e do que me afasta a vida que levo, có seu virar sin pousa. Alguén, que gosta de cosecer a miudo, fíxome o favor de gabar as follas dianteiras de *Pontevedra é boa vila*, de *Portela Paz*, e o disfavor da acusanza de que non voltéi a empregala, non séi por qué razóns medoñentas.

Direi ó caso un-as verbas:

O Castelán é, pra min, a fala costumeira, necesaria pra eisprimir o pouco que séi; e, por riba, é o xugo dondo e rexo dos pobos da «Hispania fecunda»; a águia de voar sereo; a máis baril das fillas do Latín grave.

O Galego é, pra min, a fonte cantareira de arelas e de mágoas; veia pol-a que decorre o sentimento. Se fixera versos, galegos habían ser, e galegos son cáseque todol-os poucos, e segredos, que fixen.

¿É isto sostér que non poda rubir a fala lírica e rústica a empregos outos? Endexamáis dixen, nin diréi, cousa tal. Os indifereutes de que non os leian ou que, de leélos, non os entendan, poden aproveitarse do Galego mesmo pra «Física cuántica». Fago a confesa que me falla azo pro ensaio. Pois, fora engado calar que ainda compré ó Galego moi fonda laboura, pra eispresión xusta na Filosofía, nas Cencias, na Historia; con seren a derradeira a máis sinxela de escribir. O día que, findada esta laboura léisica e formal, chegara o desenrolo da vitalidade da terra, a fala faríase arreo instrumento de todol-os saberes. Antes, non.

Engadiréi que, por outra parte, estou lonxe dos que con teima —que por camiñar en precura de medras non pode alcuñarse de chauvinista— arrenegan do escribir en Galego: ¡nin que facél-o trouxera desdoiro pra suas irmáns, as outras falas da nai España!

Coido que fica crara a miña aitude; e abonda con deixar dito que escribiréi en Galego cando e do que me pete: ¡e que brúen os uns i-os outros!

Foi El-Rey don Alfonso X o primeiro mestre do Castelán nas *Partidas*, nas *Tablas del saber de Astronomía*, nas *Crónica e Historia*, nos «Xogos» e, don que ninguén acadou, mestre primeiro tamén do Galego nas *Cantigas de Santa María* e nos *Cancioeyros*, facendo nidia partilla no emprego das duas falas que señoreou: cal se ariolase o porvír da nosa, deulle pulo poético, parello do que lle deron ó provenzal irmán.

Ben séi que no Galego vertéronse as *Partidas*, o *Liber Sancti Jacobi*, a *Crónica troiana* e outros textos. Sinalade ben: **vertéronse**; porque ¿onde andan, mesmo na noticia, os escritos en prosa orixinal na fala das *Cantigas*? Da brétema dos tempos idos surden suposicións; ó máis, anacos; cando algún libro vello e enteiro ven ás mans é sorodio e sin caste.

Poñamos que pra iste mal vedraño falla menciña; ¿cál terá de seren? A de máis aguza, a nacemento dun novo Alfonso X, dun novo Dante, dun novo Lutero que fixeron cultas as suas falas de Castela, Toscana e Alemaña, dándolles caleza pra eispresión cabeosa, é menciña tan probada como inmercobre. Outra ha, de tardo proviso, mais certa: verter na fala o mellor que nas outras escribérase. E non se cisme que é tarefa de servidume, pois os nomes dos meirandes tradutores están postos en liña cós meirandes artífices do idioma, cando os non depasan: Boscán, Jáuregui, Isla...

Teño certeza de que sin traducir moito, e ben escolleito, non imos dispor de fala freisibre e cinguida pra feitos e ideas; culta, sin estrañezas; enxebre, sin que o medo de asemellarse ó Castelán conxeite fuxidas que fan rir; sin solecismos embardallantes, que envergoñen; sin ruralismos, que samente o humor fai perdoar. O Galego non será fala dona de sí namentras non se traballen versións dos *Libros Sapienciales* da Escritura Sagra, do Evanxelio, dos *Diálogos de Platón*, da *Vita nuova*, das *Novelas ejemplares*, da *Perfecta casada*, dos «Ensayos» de Montaigne... Neses choios a fala de Rosalía ha gañar fixeza e precisión, xunto con tal morea de neoloxismos ben labrados que a dura e hirta coberteira tense de trocar en veio que traspareza toda fermosura e todo requinte.

Este pensamento, teimoso en min, doume folgos —non pra práctico, escravo da sogueira de outros enxergos— pra aguilloar ós que podan adicarse a verter nas odres nosas o viño alleo; e así abreuse o certame que premiou a versión da colleita de poesía céltiga de Pokorny; e así o «Instituto Padre Sarmiento de Estudios

Gallegos» impriméu o «Horacio» de Iglesia Alvariño, e agora aguisa o «Virxilio» de Gómez Ledo; e así, por finir, non deixéi de pedichar a Ramón Cabanillas seu «Anacreonte» e seu «Marcial» que, de hoxe en diante, han ser degoiro dos bos catadores da poesía de sempre. Porque, é ben sabido, que canto Grecia e Roma criaron remaesce louzán, e fica de cote mestre e guieiro.

Danos o Poeta a máis recendente grinalda de que podamos arruallar: Safo, Anacreonte, Mosco, Ovidio, Marcial, Tibulo, Propertio, Estacio... Eu ben quixera que o volume se enchese con versos antigos, non por seren fracos aqueles dos derradeiros séculos escollidos por Cabanillas, mais pra que a colección fose ensembra, e dése ensino de crasicismo aluído. Pero a meirande parte, a mellor e a de máis comenencia, ó meu ver, é a primeira. Contan nela os conxuntos de Anacreonte e de Marcial, e o fragmento ovidiano.

Quince son as odas de Anacreonte escolmadas entre as que non cantan

l'amour qui n'osse pas dire son nom

asegún o tristeiro verso de Verlaine. Porque ha tér gosto o leitor no confronto de estas versións coas feitas en Castelán por dous poetas outísimos do século XVII, Quevedo e Esteban Manuel de Villegas, poño ó pé * a correspondenza das numeracións respectivas pol-a «Biblioteca» de Rivadeneyra, tomos LXIX, e LII, sin falaren de outras versións i-edicións máis novas.

Paréceme fica a forte lume a ventaxa da tradución de Cabanillas e, si me atrevese a sostélo, a adoitura do Galego pra verteren a

* C. = Cabanillas, Q. = Quevedo, V. = Villegas.

C. II, Q. X, V. IX; C. XII, Q. II, V. II; C. XIII, Q. XIV, V. XII; C. XX, Q. XXX, V. XXV; C. XXII, Q. XIX, V. XVI; C. XXXIII, Q. XXXIII, V. XXVII; C. XXXIV, Q. XXXIV, V. XXVIII; C. XL, Q. XXIV, V. XXXIII; C. XL bis, Q. XXIV, V. XX; C. XLII, Q. XXVI, V. XXII; C. XLIII, Q. XLIII, V. XXXVII; C. XLIV, Q. XLIV, V. non-o engadeu; C. LVII, Q. LIII, V. XXXV.

poesía grega, pol-a enchente de diptongos; pol-o doado dos ligamentos e contraicións; pol-o cabedal das formas do verbo; pol-o emprego do aoristo; pol-o anivel arcaico en que se topa. Nos máis dos eismpros a oda ten no Galego menos versos que no orixinal, i-as verbas son máis aquecidas. Véxase como Quevedo traducéu a que Cabanillas numeróu có XXI:

Bebe la tierra negra cuanto llueve;
Y a la tierra el humor el árbol bebe;
El mar bebe los vientos que en sí cierra;
Y el sol bebe la mar sobre la tierra,
Y, por resplandor nuevo,
Hasta la propia luna bebe a Febo.
Pues si éstos son ejemplos verdaderos,
Decidme, compañeros,
¿Para qué hacéis de mi paciencia prueba
Diciendo que no beba?

Non ten madía que Quevedo atingue un-a eispresión nobre: mais, non sei si poética: non sei si noiosa por razoeira.

Si o merecemento dun-a versión estivera en seren curta, levaría a palma a ríspida que da mesma oda fixo Villegas:

Bebe la tierra fértil.
Y a la tierra, las plantas;
Las aguas a los vientos,
Los soles a las aguas,
A los soles, las lunas
Y las estrellas claras:
Pues, ¿por qué la bebida
Me vedáis camaradas?

Coido que non certaron nin o pai acedo do *Buscón*, forzado intérprete dó que non sentía nin Villegas, rapaz novo que finxía cantar

suaves delicias
A los veinte limadas,
A los catorce escritas.

Compróbase canto máis saborosa e máis «grega» é a versión de Cabanillas, como Anacreonte, ben a carón da natureza:

A terra bebe a grolos
Na fonte en mormurío;
Bebe o zume da terra
O arbore e o prantío;
O mar bebe a fartarse
Dos cadoiros do río;
O sol, quentando os mares,
Bebe a ágoa a ferver;
A lus do sol, a lua
Bebe a máis non poder...
¿Por qué meus camaradas
Non me deixan beber?

Cada cousa ten o seu carácter. Céibanse estes versos da frieza cerebral dos de Quevedo e da premia fervellante dos de Villegas.

A comprensión dos crásicos é froito da vida feita, ben que poda seren deviñada pol-a mocidade dun Chénier, dun Leopardi; por iso Cabanillas dende a cima acerta como poucos ó encararse coa poesía de Grecia e de Roma. Por iso abraian a forza i-a laracha con que traduz a Marcial. Como si se erguesen no vello poeta os témeros folgos do loitador sarcástico trintaneiro, afíase i-escintila agora, de novo, a sua fala en guisa de coitelo. Din do Galego, os que o ben non queren, que é sin nervo e pecadento de moleza; cando leian a Marcial en versos de Cabanillas non han recuncar nesa parvada. Fagan, pra proba, a comparanza cós dous tradutores de feixes de epigramas de Marcial no século XVII: o cónego os-cense Salinas y Lizana, i-o cabaleiro da Orden de Santiago Don Fernando de la Torre Farfán.

Di así a versión do número X do primeiro:

Pide Gemelo y desea
Con Daronila casar;
Nunca cesa de rogar,
Insta, ofrece, galantea
—Que es linda? —Antes es fea;

Ni más vieja otra mujer,
Ni más sucia puede haber.
—Pues en ella ¿qué le agrada?
—Yo en ella no veo nada
De bueno, sino el toser.

Enfróntese a conversa cansa de Lizana coa aguza da galega:

Xemelo quer casar con Maronila
E non lle perde pé. Tanto a deseia
Que pide, prega e posto a conquerila
Cóbrea de regalos a man chea.
—¿Tan bonita ela é?
—¡Máis ben é feia!
—Destoncias; ¿qué pracer vai perseguindo?
—¡Pasa o día tusindo!

Ainda se perde máis en Torre Farfán a eispresión dicaz do bilbilitán; compárense as versions do número XXXIV do primeiro libro:

El libro que lees por tuyo
Mfo es. Cierto, Fidentino,
Mas, desde que lo lees mal
Comienza a ser tuyo el libro.

Cáseque as verbas empregadas por Cabanillas son as mesmas, sin que ninguén poña por riba ó santiaguista:

O libro que estás lendo, Fidentino,
Ese libríño é meu;
Si ben o lés de xeito tan indino
Que comenza a ser teu.

¿Quen non sinte o pincho da abella epigramática nesta eispresión direita e firente? E conste que non rabisco as interpretacións pra rebaixal-as; calquera pode facer demostranzas parellas.

Pra ceifa da tradución ten máis fondo siso o que se acada de Marcial que o que se deduz do episodio de Ovidio. É o conto

longo de Filemón e Baucis nas *Metamórfosis* posto en galego limpo, como auga de mina; mais, porque a fala adáitase a pintar costumes e feitos campesíos como a luva á man, é un conto cheio de meiguice, par de moitos en que Cabanillas labrou fremosas xoias, pois a lírica narrativa é, cicais, a sua seara dileita.

Non haxa dultanza que o degoiro do leitor se fenda ó cabo das poesías antigas, pois semellante ha rever nas modernas a partir das de Goethe. Falar delas fora mantér a impacenza dos que, arastora, anceían o lecer de entrar do PORTAL ó libro; non llo demoraréi.

A «Sociedad de Bibliófilos Gallegos» gábase hoxe da doa que fai Ramón Cabanillas á Fala da terra, e coída que ten de ser, por baixo da ledicia poética, benfeitoría pro desenrolo da eispresión de cantos «servos libres de amor» por Ela traballamos.

F. J. SÁNCHEZ CANTÓN,
de la Real Academia Española.

«Beiramar» (Pontevedra).

Na festa de San Ramón do Ano Santo de 1954.

BIBLIÓFILOS GALLEGOS

BIBLIOTECA DE GALICIA

IX

VERSOS DE ALLEAS TERRAS
E DE TEMPOS IDOS

PARÁFRASIS GALEGAS

POR

RAMÓN CABANILLAS

PORTAL DE F. J. SÁNCHEZ CANTÓN



SANTIAGO DE COMPOSTELA

MCMLV